
O GALO QUIRICO

Texto de TAREIXA ALONSO

Ilustracións de ALICIA SUÁREZ

Encadernado en cartóné. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

O galo Quirico (galego)

ISBN 978-84-8464-084-4. Os contos do trasno.

El gallo Quirico (castelán)


ISBN 978-84-8464-120-9. Cuentos tradicionales.

*Había unha vez un galo, o galo Quirico,
que foi invitado á voda do tío Perico.
Como era moi presumido, arranxou ben as plumas,
a crista e mais o bico, e botou a andar lixeiro polo camiño...*

O galo Quirico ía á voda do tío Perico cando atopou un becho que lle pediu ir con el. En vez de levalo, o galo papouno enteiro e seguiu o seu camiño. Pero quedáralle o bico manchado... Non podía ir así á voda! Daquela, que podería facer este galo tan fachendoso?

“O galo Quirico” é un conto popular de marcada estrutura rítmica; un texto de fórmula que xoga co verso e que mantén o aire fresco da oralidade. Trátase dun conto creado non só para ser lido, senón tamén para ser contado.

As ilustracións de Alicia Suárez son sinxelas e expresivas, ao tempo que aportan a novidade de localizar un conto tradicional nun ambiente urbano. A ilustradora propón unha suxestiva lectura das imaxes, que contrasta co estilo narrativo clásico.



■ **Temática:** conto tradicional adaptado.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura repetitiva e encadeada; ritmo narrativo; da ilustradora de “La ratita presumida” e da serie *Día a día*, na colección Makakiños (KALANDRAKA).

Tareixa Alonso

(Pontevedra, 1955)

Tras formar parte da Aula de Teatro da Universidade de Vigo, en 1997 integrouse no grupo de contacontos Pavís Pavós. Completou a súa formación dramática nas Xornadas da Educación de Pontevedra e na Escola de Verán de Madrid.

Alicia Suárez

(Pontevedra, 1974)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo na especialidade de Pintura. Dende 1998 é profesora de debuxo nun centro de Ensino Secundario, actividade que compaxina coa ilustración de libros para varias editoriais. Gañou o Premio de Pintura da Fundación Cultural Rutas do Románico. Colaborou coa Revista CLIJ e coa ONG Solidariedade Internacional ilustrando os títulos da colección “Contos do mundo”. Participou en varias exposicións colectivas e no 2005 a súa obra foi seleccionada para a Bienal de Ilustración de Bratislava.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
